

## A MAIOR OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EN 12 ANOS

### Oferta total de 2064 prazas das que 1788 son de ingreso libre

Esta oferta que supera á realizada o ano pasado é consecuencia do Acordo para o Desenvolvemento dun Plan de Estabilidade no Emprego dos Servizos Públicos, asinado por CCOO e outras organizacións sindicais, o 18 de outubro de 2017.

Nun contexto no que o estado impón unha taxa de reposición do 100%, logramos incrementar nun 59,35% o número de prazas de ingreso libre, 666 prazas de estabilización de emprego que se suman ás 1122 correspondentes á taxa de reposición.

CCOO-Ensino seguirá loitando pola eliminación da taxa de reposición. Mentres tanto, seguiremos avanzando con acordos que permitan ampliar as ofertas de emprego público.

Queremos facer unha valoración positiva da oferta aprobada e destacar que o acordo asinado supón un incremento de case un 60% das prazas que se ofertan como reposición. Isto é unha moi boa noticia para as opositoras e opositores. Elevar a primeira proposta feita na Comisión de Seguemento do Acordo de 530 prazas de consolidación ata as 666 actuais é consecuencia da negociación colectiva. Sempre que acaba en acordo supón unha mellora para as traballadoras e traballadores.

Esta oferta de emprego, permitirá rebaixar en máis do 2% a taxa de temporalidade nunha soa convocatoria, nun contexto no que Galicia segue a ser a comunidade do estado coa taxa máis baixa.

CCOO quere facer fíncapé en que para poder acadar o obxectivo de redución da temporalidade á contorna do 5% tal e como se establece no Acordo de Acceso ás listas deberan terse convocado un maior número de prazas

Ademais, botamos en falta que non haxa oferta en determinadas especialidades que levan moitos anos sen convocarse, especialmente en corpos nos que leva sen haber oferta máis de 10 anos como nalgunhas especialidades do corpo de música e artes escénicas e no de artes plásticas e deseño.

OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2019	
TAXA DE REPOSICIÓN	1122
ESTABILIZACIÓN EMPREGO	666
PROMOCIÓN INTERNA	276
<b>TOTAL</b>	<b>2064</b>

DISTRIBUCIÓN POR CORPOS INGRESO LIBRE	
PES	834
PTFP	138
PROF. EOI	30
PROF. MUSICA E AAEE	16
MESTRES	770
<b>TOTAL</b>	<b>1788</b>

**Santiago de Compostela**  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar  
CP 15707  
Telf. 981 551 826  
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

**A Coruña**  
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar  
CP 15008  
Telf. 981 145 895  
scensino.coru@galicia.ccoo.es

**Ferrol**  
Rúa María 42-44  
CP 15402  
Telf. 981 369 336  
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

**Lugo**  
Rolda da Muralla 58, 4º andar  
CP 27002  
Telf. 982 221 060  
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

**Ourense**  
Parque San Lázaro 12, 3º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
scensino.oure@galicia.ccoo.es

**Pontevedra**  
Rúa Pasantería 1, 2º andar  
CP 36002  
Telf. 986 866 276  
scensino.pont@galicia.ccoo.es

**Vigo**  
Rúa das Teixugueiras 11 entrecán  
CP 36212  
Telf. 986 246 847  
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

**O Barco**  
Praza do Concello 2, 1º andar  
CP 32300  
Telf. 988 322 034  
scensino.oure@galicia.ccoo.es

**Monforte**  
Roberto Baamonde s/n  
CP 27400  
Telf. 982 401 518  
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

